

MATERIA

Dereito Penal, Parte Especial – Delitos contra a persoa e o patrimonio

TITULACIÓN

Grao en Dereito

unidade
didáctica
12

O delito de tráfico de menores para a súa adopción ilegal (art. 221 CP)

Natalia Pérez Rivas

Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa
Facultade de Dereito

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2020

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.gal/publicacions

ISBN

978-84-17595-88-3

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788417595883>

MATERIA: Dereito Penal, Parte Especial – Delitos contra a persoa e o patrimonio

TITULACIÓN: Grao en Dereito

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

DELITOS CONTRA AS PERSOAS

1. Homicidio e as súas formas
2. Aborto
3. Lesións
4. Lesións ao feto
5. Delitos relativos á manipulación xenética
6. Delitos contra a liberdade
7. Torturas e outros delitos contra a integridade moral
8. Delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais
9. Omisión do deber de socorro
10. Delitos contra a intimidade, o dereito á propia imaxe e a inviolabilidade do domicilio
11. Delitos contra a honra
12. Delitos contra as relacións familiares

DELITOS CONTRA O PATRIMONIO

13. Consideracións xerais sobre os delitos contra o patrimonio e contra a orde socioeconómica. Furto. Roubo
14. Extorsión. Roubo e furto de uso de vehículos. Usurpación
15. Defraudacións
16. Insolvencias punibles
17. Danos

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OS OBOXECTIVOS

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Regulación legal
2. Ben xurídico protexido
3. Tipo obxectivo
 - 3.1. Conduta típica
 - 3.2. Suxeitos activo e pasivo
 - 3.2.1. Suxeito activo
 - 3.2.2. Suxeito pasivo
 - 3.3. Iter criminis
4. Tipo subxectivo
5. Penalidade
6. Lugar de comisión do delito
7. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal
 - 7.1. Eximentes e atenuantes
 - 7.2. Agravantes específicas
 - 7.2.1. Agravación por razón do lugar de comisión
 - 7.2.2. Agravación pola condición do suxeito que vende ao menor

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

A presente unidade didáctica titulada «O delito de tráfico de menores para a súa adopción ilegal» concentra os coñecementos básicos sobre unha lección da materia de «Dereito Penal, Parte Especial – Delitos contra a persoa e o patrimonio», impartida no terceiro curso do Grao de Dereito. A súa duración será dunha hora e quince minutos que se distribuirá da seguinte forma: trinta minutos corresponderanse cunha clase expositiva e os restantes corenta e cinco minutos dedicaranse á realización dunha actividade práctica.

O delito de tráfico de menores para a súa adopción ilegal regulouse por primeira vez no Código Penal de 1995. A súa tipificación foi froito das obrigas supranacionais asumidas por España e da inexistencia no texto punitivo dun precepto capaz de abarcar o total desvalor inherente a esta conduta. A *ratio legis* do tipo é a sanción daqueles comportamentos que tratan ao menor como unha mercancía susceptible de ser vendida e comprada.

A súa aplicación resulta anecdótica nos últimos vinte e cinco anos. Incluso chegou a discutirse a conveniencia da súa derogación ao estimarse que a súa realización non supuña un claro ataque contra ben xurídico ningún do menor. No entanto, son tres os argumentos que nos levan a defender a súa expresa tipificación:

- i. A esixencia de que a compravenda do menor teña por finalidade o establecemento dunha relación de filiación leva a un sector doutrinal a concluír que aquel nunca se verá prexudicado. É unha dedución carente de todo fundamento máxime se temos en conta que, fronte ao que sucede nos procedementos legais de adopción, a determinación da idoneidade dos novos proxenitores redúcese neste caso ao único criterio de poder ou non pagar o prezo esixido.
- ii. A aceptación desta forma de «adscripción da filiación» supón conceptuar aos menores como meros obxectos propiedade do vendedor que son susceptibles de transaccións comerciais. Isto implica un claro atentado á súa dignidade como persoa.
- iii. A inexistencia de anotación rexistral algunha da filiación biolóxica do menor impediralle coñecer a súa propia identidade, vulnerándose o seu dereito ao libre desenvolvemento da personalidade.

Todo isto sen prexuízo de que se efectúen as debidas modificacións para a axilización do procedemento de adopción —nacional e internacional— como forma eficaz de prevención deste fenómeno criminal.

OS OBXECTIVOS

Ao rematar esta unidade didáctica o alumnado será capaz de:

- Coñecer os elementos que configuran o delito de tráfico de menores para a súa adopción ilegal.
- Resolver casos reais co obxecto de adecuar os coñecementos teóricos á práctica xurisprudencial.

- Manexar con destreza os textos legais, a xurisprudencia e a bibliografía científica como ferramentas de información que faciliten a resolución das dúbidas.

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

O método que se empregará para alcanzar eses obxectivos será o expositivo. Ao longo de trinta minutos, seguindo o modelo da clase maxistral, desenvolverase o contido teórico xeral do tipo delituoso que abarcará os seguintes aspectos: o ben xurídico que se aspira a protexer, os elementos obxectivos e subxectivos que presenta a súa redacción típica, as circunstancias agravantes e atenuantes así como as concretas sancións previstas. Ben é certo que o cambio de paradigma educativo que supuxo a adaptación ao Espazo de Educación Superior Europeo (EEES) esixe a reformulación da función docente e a reorientación da aprendizaxe dos estudantes, que pasan de ser meros receptores pasivos de información a converterse nos protagonistas da súa formación. Neste senso, a metodoloxía clásica de ensino-aprendizaxe será complementada coa aprendizaxe baseada en casos prácticos. O «caso» como método de explicación, ademais de servir de elo entre a explicación teórica e o problema práctico, persegue desenvolver a capacidade de argumentación e de crítica dos estudantes, ao propio tempo que lles ofrece a posibilidade de avaliar, por si mesmos, o grao de comprensión da materia que van alcanzando.

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Regulación legal

O delito de tráfico de menores para a súa adopción ilegal regúlase no art. 221 do Código Penal.

De conformidade con dito precepto:

«1. Os que, mediando compensación económica, entreguen a outra persoa un fillo, descendente ou calquera menor aínda que non concorran relación de filiación ou parentesco, eludindo os procedementos legais de garda, acollemento ou adopción, coa finalidade de establecer unha relación análoga á de filiación, serán castigados coas penas de prisión de un a cinco anos e de inhabilitación especial para o exercicio do dereito da patria potestade, tutela, curatela ou garda por tempo de catro a dez anos.

2. Coa mesma pena será castigada a persoa que o reciba e o intermediario, aínda que a entrega do menor se efectúe nun país estranxeiro.

3. Se os feitos se cometesen utilizando garderías, colexios ou outros locais ou establecementos onde se recollan nenos, impoñeráse aos culpables a pena de inhabilitación especial para o exercicio das referidas actividades por tempo de dous a seis anos e poderase acordar a súa clausura temporal ou definitiva. Na clausura temporal, o prazo non poderá exceder de cinco anos».

2. Ben xurídico protexido

A localización sistemática dun concreto tipo delituoso na estrutura do Libro II do Código penal adoita a ser utilizada como indicador do ben xurídico que se tutela. Neste senso, o tipo relativo ao tráfico de menores para a súa adopción ilegal regúlase no Capítulo II «Da suposición de parto e da alteración da paternidade, estado ou condición do menor» do Título XII «Delitos contra as relacións familiares» do Libro II do CP. Todos os delitos abarcados por dito Título teñen en común a sanción de condutas que supoñen a adscrición dun suxeito a unha familia que, nin por filiación nin polos procedementos xuridicamente regulados, é a súa.

Centrándonos xa no delito aquí obxecto de estudo, a súa tipificación vai máis aló da tutela do sistema de adopción, garda e acollemento regulado polo Estado (filiación legal). Tamén comprende, en atención á concorrencia dunha transacción económica, a protección da dignidade do menor fronte a súa conversión nunha mera mercadoría.

3. Tipo obxectivo

3.1. Conduta típica

A conduta típica descríbese cos verbos rectores «entregar», «recibir» e «intermediar». Estamos en presenza dun delito plurisubxectivo de encontro no que un suxeito dá ou ofrece un menor a outro suxeito para que o integre no seu seo familiar. O alcance dese acordo de vontades pode ter lugar directamente entre as partes ou, pola contra, mediante a intervención dun terceiro que media entre aqueles.

Os actos anteriormente descritos deben realizarse eludindo de forma absoluta os procedementos legais de garda, acollemento ou adopción establecidos ao efecto (arts. 172 a 180 Código Civil). Chama a atención, tendo en conta a finalidade á que debe dirixirse a comisión do delito —establecer unha relación análoga á de filiación— a referencia aos supostos de garda e acollemento, xa que tal relación só pode chegar a constituírse a través dun procedemento de adopción.

Non obstante, iso non é suficiente para que a conduta resulte típica requiríndose ademais, en tanto que elemento do inxusto, que a entrega ou o labor de intermediación se realice a cambio dunha contraprestación económica. Este termo engloba calquera achega susceptible de valoración económica da que se derive un enriquecemento persoal para un terceiro (ex. o pago en metálico, a construción dunha vivenda á nai biolóxica, a satisfacción de todos os gastos médicos, de alimentación e de vestido que a futura nai necesitase ata o nacemento do bebé, etc.). Ese estímulo económico debe actuar como determinante da decisión da entrega do menor.

3.2. Suxeitos activo e pasivo

3.2.1. Suxeito activo

O delito de adopción ilegal configúrase como un delito común.

O suxeito activo pode ser calquera que venda a un menor aínda que non concorra ningunha relación de filiación ou parentesco —legal ou de feito— con

aquel (art. 221.1 CP). Terá a mesma consideración aquel que o reciba, en tanto que conduta recíproca que complementa á entrega (art. 221. 2 CP).

O lexislador conceptúa tamén como autor ao intermediario quen, de non ser por esta previsión, non sería máis que un cooperador necesario (art. 221. 2 CP). Estes intermediarios son persoas, organizacións ou institucións que poñen en contacto ás partes e median entre elas.

3.2.2. Suxeito pasivo

O suxeito pasivo do delito é o menor que se ve privado da filiación que legalmente lle corresponde, sendo tratado como un obxecto susceptibles de transaccións comerciais.

Para delimitar o concepto de «menor», a doutrina discute se existe algún límite cronolóxico máis aló da maioría de idade (art. 315 CC). Algúns autores defenden que, na medida en que só é posible a adopción ata ese límite de idade, o suxeito pasivo do delito non ten por que quedar circunscrito aos menores de pouca idade; pola contra, outros avogan precisamente por restrinxir esta posibilidade a aqueles que pola súa curta idade non sexa consciente da súa relación de filiación ou de adscrición familiar orixinal.

En todo caso, exclúense do círculo de suxeitos pasivos os maiores de idade —aínda cando estes sexan incapaces— así como os menores emancipados —na medida en que non poden ser adoptados (art. 175.2 CC)-.

3.3. Iter criminis

A consumación do delito prodúcese cando, eludidos os procedementos legais establecidos para a constitución dunha relación análoga á de filiación, se entregue ao menor e se satisfaga o prezo acordado. Isto configúrao como un delito de resultado cortado xa que non se require que se logre establecer esa relación «apócrifa» de filiación nin que se produza un prexuízo para o menor obxecto de transacción.

Nos supostos en que á adopción ilegal teña lugar, a súa inscrición no Rexistro Civil levará consigo a comisión dun delito de falsidade documental (ex. a falsificación da acta notarial ou do pasaporte para conseguir a entrada en territorio nacional do menor e tratar de dar aparencia dunha suposta adopción). De verificarse algún prexuízo para aquel, resultaría tamén de aplicación o tipo contemplado no art. 229 CP. As regras concursais que van aplicar serán as do concurso ideal (art. 77 CP).

En caso de entregarse o menor sen a obtención do prezo pactado ou de facerse efectiva transacción económica sen a súa posta a disposición estaríamos ante un delito de adopción ilegal en grado de tentativa. Nos supostos de intermediación a tentativa terá lugar co mero acordo do prezo.

4. Tipo subxectivo

O delito de adopción ilegal ten carácter doloso. Os autores deben actuar a propósito de que a entrega do menor se produza ao marxe das canles legais para a súa adopción e mediando unha contraprestación económica.

No entanto, o seu tipo subxectivo non se esgota no dolo directo, senón que debe concorrer un elemento subxectivo adicional. Así, a acción típica debe ter por finalidade o establecemento entre o menor e o receptor dunha relación de filiación.

No caso tanto do intermediario como do vendedor é suficiente con que sexan conscientes de dita finalidade, xa que o concreto ánimo que guía a súa actuación é a obtención dun beneficio económico.

5. Penalidade

A comisión deste delito está castigada cunha pena de prisión dun a cinco anos e inhabilitación especial para o exercicio do dereito da patria potestade, tutela, curatela ou garda por tempo de catro a dez anos.

A doutrina critica a equiparación penolóxica que o lexislador efectúa entre a conduta de quen recibe ao menor e quen o entrega, por entender que a reprochabilidade ha de ser maior para quen obra por un móbil lucrativo. Pola contra, desde outras posicións estímase que quen o recibe ataca coa mesma intensidade o ben xurídico protexido polo tipo prolongando no tempo a súa lesión e merecendo, en consecuencia, igual sanción.

Así mesmo, desapróbbase o feito de que se asimile a estoutros comportamentos típicos a mera intermediación. Isto salvo que se limite a aplicación da pena a aqueles actos que contribúan de forma específica á execución do feito. Pola contra, outros autores estiman que a sanción a impoñer nestes casos debería incrementarse xa que adoitan explotar ao resto dos intervinientes nestas tramas.

6. Lugar de comisión do delito

De conformidade co art. 221.2 CP «coa mesma pena será castigado a persoa que o reciba e o intermediario, aínda que a entrega do menor se efectúe nun país estranxeiro». Trátase dun suposto excepcional de extensión territorial da lei penal española aos actos de entrega, recepción e intermediación cometidos fóra das nosas fronteiras, sempre que aqueles teñan por finalidade a constitución dunha relación de filiación con transcendencia dentro do estado español.

7. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal

7.1. Eximentes e atenuantes

O contexto social que rodea a venda dun menor adoita caracterizarse por ser situacións de extrema pobreza. A este respecto suscítase se resultaría de aplicación a eximente —completa ou incompleta— de estado de necesidade (arts. 20. 5ª CP e 21. 1ª CP). A doutrina non é unánime: algúns autores rexeitan a súa aplicación por estimar que existen outras vías de solución ás que poderían acudir os proxenitores (ex. servizos sociais); pola contra, outros estiman que non existe merecemento de pena ben polas propias circunstancias concurrentes, ben porque se produce

unha mellora no seu benestar; finalmente, un último sector doutrinal considera que podería chegar a admitirse, ao sumo, unha aplicación analóxica de estado de necesidade incompleto.

Nun suposto de entrega dun fillo a terceiros (art. 220.2 CP), a xurisprudencia apreciou a concorrencia da eximente de alteración psíquica (art. 20.1ª CP) en relación coa de medo insuperable (art. 20.6ª CP) dadas ás circunstancias en que dita entrega tivo lugar: o menor entregado era un fillo non desexado polo pai quen lle fai saber á nai, á que maltrataba, que non se faría cargo do mesmo; acreditouse igualmente a inexistencia de recursos por parte da nai cos cales poder atendelo minimamente, así como a situación á que se vería abocada a consecuencia do seu nacemento (a expulsión da vivenda na que estaba aloxada xunto con outra das súas fillas de pouca idade). Diso conclúese que «a acusada era incapaz de comprender a ilicitude dos efectos que a súa ocultación podería xerar», procedendo simplemente a aproveitar a oportunidade que se lle ofrecía de que «o menor (puidese) acceder a unhas condicións de vida mellores que as que ela pode proporcionarlle».

7.2. Agravantes específicas

7.2.1. Agravación por razón do lugar de comisión

O art. 221.3 CP contempla unha agravación da pena cando a venda se perpetre empregando garderías, colexios ou outros locais ou establecementos onde se recollan nenos. Neste caso, ao vendedor ou ao intermediario impoñeráselle, ademais das sancións anteriormente sinaladas, a pena de inhabilitación especial para o exercicio das referidas actividades por tempo de dous a seis anos.

Así mesmo, o órgano xudicial poderá acordar a clausura temporal ou definitiva dos establecementos sinalados. A imposición de dita medida só poderá ter lugar, en caso de estimalo necesario para evitar a comisión no futuro de feitos similares, cando o delito sexa cometido «no seo, coa colaboración, a través ou por medio de empresas, organizacións, grupos ou calquera outra clase de entidades ou agrupacións de persoas» que carezan de personalidade xurídica (art. 129 CP). Neste punto, debemos recordar que o ámbito obxectivo de aplicación da responsabilidade penal das persoas xurídicas se circunscribe ao catálogo de delitos determinado polo lexislador entre os que non se incluíu o presente tipo.

7.2.2. Agravación pola condición do suxeito que vende ao menor

O art. 222 CP contempla unha segunda agravación en atención á condición do suxeito que entrega ao menor. Neste suposto, se o autor é un educador, un facultativo, unha autoridade ou un funcionario público seralle imposta, de forma acumulativa, unha pena de inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión ou oficio de dous a seis anos. No entanto, para a aplicación desta agravación non é suficiente con que o suxeito reúna tal condición, senón que debe valerse do seu cargo ou profesión para favorecer a comisión do feito delituoso.

Desde certos sectores doutriniais estimase que entre ese elenco de suxeitos debería facerse mención expresa aos proxenitores do menor, dada a posición de garantas que ostentan con relación a aquel.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

A lección teórica será complementada coa aprendizaxe baseada en casos prácticos. Neste caso, a actividade proposta consta de dúas partes:

1. En primeiro lugar, ao alumnado facilitaráselle, a través da aula virtual da materia, un arquivo no que se describirá un suposto extraído da práctica xurisprudencial. Tendo en conta o explicado, deberán proceder a calificar penalmente os feitos descritos e a identificar a concorrencia ou non dos diversos elementos do tipo.

Caso práctico

Uxía mantivo unha breve relación sentimental con Manuel durante o ano 2018. Tras anunciarlle o seu embarazo, Manuel desapareceu. Ante esta situación, e transcurridos uns meses, Uxía pediulle axuda a Xulia para vender ao seu fillo ante a imposibilidade de facerse cargo del.

Uns tres meses antes de que Uxía dera a luz, Xulia contactou con Xoán e Sabela que, pese a terse sometido a diversos tratamentos de fertilidade, non pudieran ter fillos. Xulia plantexoulles a posibilidade de comprar un recém nacido, oferta que aceptaron. Tras isto, Xulia procedeu a concretar os termos nos que a compravenda sería feita.

Así, o pequeno ao nacer sería entregado a Xoán e a Sabela a cambio de 20.000 euros (12.000 euros para Uxía e 8.000 euros para Xulia) así como da cobertura dos gastos médicos, de alimentación e vestido que a futura nai precisase ata o nacemento do bebé. Ao persoal do hospital e ao resto da xente fariánlle crer que o neno era froito dunha relación extramatrimonial entre Xoán e Uxía. Nacido o cativo (Roque), procedeuse á súa inscrición no Rexistro Civil de Santiago de Compostela como fillo biolóxico de ambos.

Posteriormente, Xoán e Uxía, co pleno coñecemento e conformidade de Sabela, interpuxeron unha demanda de mutuo acordo sobre medidas paternofiliales no Xulgado de 1ª Instancia. O procedemento concluíu coa ratificación do convenio presentado polos demandantes no que se lle atribuíu a custodia do menor a Xoán e se regulamentaba un réxime de visitas a favor de Uxía.

O 18 de xullo de 2019, Xoán e Sabela promoveron un expediente de Xurisdición Voluntaria para a adopción do menor por parte desta última, o cal foi acordado mediante Auto de 15 de febreiro de 2020.

2. Rematada a primeira tarefa, encomendaráselles a elaboración dunha breve reflexión crítica sobre os supostos de maternidade subrogada onde non existe vínculo biolóxico nin, obviamente, xestacional entre os comitentes e o recém nacido.

AVALIACIÓN

A realización satisfactoria das actividades propostas computarase conxuntamente coas restantes prácticas que o alumnado deben completar ao longo do semestre. Estas representan o 20 % da nota global final.

Polo que respecta á concreta valoración da actividade que se vai a realizar no marco desta unidade didáctica terase en conta o grao de asimilación dos conceptos teóricos, a capacidade para a aplicación práctica de tales coñecementos, a coherencia na argumentación, o pensamento crítico e o axeitado emprego da linguaxe técnica.

BIBLIOGRAFÍA

- Boix Reig, J., Jareño Leal, Á., “De la suposición de parto y de la alteración de la paternidad, estado o condición del menor”, en Vives Antón, T.S. (coord.), *Comentarios al Código Penal de 1995. Volumen I*, Ed. Tirant lo Blanch, Valencia, 1996.
- Carbonell Mateu, J.C., “Delitos contra las relaciones familiares”, en González Cussac, J.L. (coords.), *Derecho Penal. Parte Especial*, Ed. Tirant lo Blanch, Valencia, 2016.
- “Delitos contra las relaciones familiares en el Código Penal de 1995”, en AA.VV., *Estudios Jurídicos en homenaje al profesor Vidal Guitarte (Vol. I)*, Diputación de Castellón, Castellón, 1999.
- Carrasco Andrino, M^a.M., “Protección penal de la filiación”, *Revista Electrónica de Ciencia Penal y Criminología*, 2010.
- Cortés Bechiarelli, E., *Aspectos de los delitos contra la filiación y nueva regulación del delito de sustracción de menores*, Ed. Edersa, Madrid, 1996.
- Cugat Mauri, M., “Art. 221 CP”, en Córdoba Roda, J., García Arán, M. (dirs.), *Comentarios al Código Penal. Parte Especial. Tomo I*, Ed. Marcial Pons, Madrid, 2004.
- Gómez Martín, V., Fernández Bautista, S., “Art. 221”, en Corcoy Bidasolo, M., Mir Puig, S. (dirs.), *Comentarios al Código Penal. Reforma LO 1/2015 y LO 2/2015*, Ed. Tirant lo Blanch, Valencia, 2015.
- Llobet Anglí, M., “Delitos contra las relaciones familiares”, en Molina Fernández, F. (coord.), *Memento Penal*, Ed. Francis Lefebvre, Madrid, 2011.
- Marchena Gómez, M., “De la suposición de parto y de la alteración de la paternidad, estado o condición del menor”, en Del Moral García, A., Serrano Butragueño, I. (coords.), *Código Penal. Tomo II*, Ed. Comares, Granada, 2002.
- Marina Herando, A., “La adopción internacional y el tráfico de menores”, *Infancia y Sociedad*, nº 33, 1995.
- Martínez García, Á.S., “De la suposición de parto y de la alteración de la paternidad, estado o condición del menor: (artículos 220 a 222)”, en Gómez Tomillo, M. (dir.), *Comentarios Prácticos al Código Penal*, Ed. Thomson Reuters-Aranzadi, Navarra, 2015.
- Martínez Guerra, A., “Art. 221 CP”, en Rodríguez Ramos, L. (dir.), *Código Penal y leyes penales especial y complementarias*, Ed. La Ley, Madrid, 2011.

- Muñoz Sánchez, J., “De la suposición de parto y de la alteración de la paternidad, estado o condición del menor”, en Díez Ripollés, J.L., Romeo Casabona, C.M^a. (coords.), *Comentarios al Código Penal. Parte Especial II*, Ed. Tirant lo Blanch, Valencia, 2004.
- PÉREZ RIVAS, N., “Maternidad subrogada, adopción ilegal y venta de menores: su tratamiento en el Código Penal español”, en GARCÍA RUBIO, M^a.P. (dir.), *Mujer, maternidad y Derecho*, Ed. Tirant lo Blanch, Valencia, 2019.
- Prats Canut, J. M., “De la suposición de parto y de la alteración de la paternidad, estado o condición del menor”, en Quintero Olivares, G. (dir.), *Comentarios al nuevo Código Penal*, Ed. Thomson-Aranzadi, Navarra, 2004.
- Ramón Ribas, E., “Art. 221 CP”, en Quintero Olivares, G. (dir.), *Comentarios al Código Penal Español. Tomo I*, Ed. Aranzadi-Thomson Reuters, Navarra, 2016.
- Rodríguez Gómez, C., “Tráfico, explotación y venta de menores”, en Sanz Mulas, N. (coord.), *El desafío de la criminalidad organizada*, Ed. Comares, Granada, 2006.
- Rodríguez Mesa, M^a.J., “Delitos contra las relaciones familiares”, en Arroyo Zapatero, L.A., Berdugo Gómez de la Torre, I., Ferré Olivé, N., Serrano Piedecosas, J.R., Terradillos Basoco, J.M^a. (dir.), *Comentarios al Código Penal*, Ed. Iustel, Madrid, 2007.
- “Tráfico de menores. Abandono de familia, menores e incapaces”, en Ruiz Rodríguez, L.R., Navarro Guzmán, J.I. (coords.), *Menores. Responsabilidad penal y atención psicosocial*, Ed. Tirant lo Blanch, Valencia, 2004.
- Saavedra Ruiz, J., “De la suposición de parto y de la alteración de la paternidad, estado o condición del menor”, en Conde-Pumpido Tourón, C. (dir.), *Comentarios al Código Penal. Tomo III*, Ed. Bosch, Barcelona, 2007.
- Sanz-Díez de Ulzurum Lluch, M., “La entrega de menores eludiendo los procedimientos legales de adopción. Delito contra las relaciones familiares y detenciones ilegales. Sobre el llamado ‘robo de bebés’”, *Revista Europea de Derechos Fundamentales*, nº 21, 2013.
- Torres Fernández, E., *El tráfico de niños para su adopción ilegal: el delito del artículo 221 del Código Penal español*, Ed. Dykinson, Madrid, 2003.
- Villacampa Estiarte, C., “La protección penal del derecho del menor a conocer la propia identidad: análisis del denominado delito de tráfico de menores”, *Revista de Derecho y Proceso Penal*, nº 5, 2001.

Xurisprudencia

Audiencia Nacional

SAN núm. 17/2008, do 20 de febreiro.

Audiencia Provincial

SAP de Murcia núm. 372/2011, do 30 de setembro

AAP Barcelona núm. 64/2009, do 26 de xaneiro

AAP de Biscaia núm. 16/2005, do 13 de xaneiro

SAP de Madrid núm. 509/2003, do 21 de xullo

Xulgado do Penal

SXP de Elxe núm. 564/2015, do 22 de decembro



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA